

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32003001	IES Nº 1	O Carballiño	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para O IES N° 1 de O Carballiño que é un centro público de ensino secundario sostido con fondos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria onde se imparten ensinanzas de ESO e Bacharelato. Aínda que o IES recibe alumnos/as de toda a comarca, o 90% deles son do propio concello. Tamén, nunha pequena proporción, hai alumnos/as que naceron fóra destas zonas e outros de etnia romaní. Nos últimos cursos apréciase un aumento, sobre todo, de alumnado procedente de América Latina.

Os centros adscritos son :

Para alumnado de ESO:

CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo ( A Uceira)

Para alumnado de Bacharelato:

CPI Terras de Maside

CPI Virxe da Saleta ( San Cristovo de Cea)

CPR Vila do Arenteiro ( O Carballiño)

Os grupos seleccionados de 1º ESO, están compostos por alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 12 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Instrumentos meteorolóxicos I	Nesta unidade farase unha breve introdución á meteoroloxía. O alumado construírá, con materiais reciclados un pluviómetro e un barómetro. Ademais aprenderán para que serven os calibrarán e os probarán. Así mesmo realizarán exposicións finais e debate sobre os resultados acadados.	35	12	X		
2	Instrumentos meteorolóxicos II	Nesta unidade o alumado construírá, con materiais reciclados un termómetro, unha veleta e un anemómetro. Ademais aprenderán para que serven os calibrarán e os probarán. Así mesmo realizarán exposicións finais e debate sobre os resultados acadados.	35	12		X	
3	Fabricando meteoros	Nesta unidade o alumado aprenderá sobre varios meteoros (nubes, néboas, choiva, tornados, raios e tronos) vendo e participando en varios experimentos. Así mesmo realizarán un "diario de traballo" no que recollan as súas experiencias e aprendizaxes.	30	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Instrumentos meteorolóxicos I	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Entender a necesidade dun correcto calibrado dos instrumentos, calibrar os instrumentos cunha certa precisión.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar adecuadamente os materiais para a elaboración dos instrumentos sendo a maioría deles reciclados.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións segundo a temporización prevista. Documentar na presentación ou exposición unha descrición detallada dos pasos seguidos e materiais usados na construción, calibrado e posta en funcionamento dos instrumentos		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e ter certo grado de orixinalidade e creatividade na construción dos instrumentos		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Probar a funcionalidade dos instrumentos e resolver as posibles incidencias dentro do seu nivel de autonomía.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados vendo se os instrumentos funcionan con certa precisión		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Documentar na presentación ou exposición unha descrición detallada dos pasos seguidos e materiais usados na construción, calibrado e posta en funcionamento dos instrumentos		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Explicar con claridade o funcionamento de cada instrumento empregando unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Explicar con claridade o funcionamento de cada instrumento potenciando as emocións positivas na exposición e controlando de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Explicar con claridade o funcionamento de cada instrumento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Instrumentos meteorolóxicos II	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Entender a necesidade dun correcto calibrado dos instrumentos, calibrar os instrumentos cunha certa precisión.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar adecuadamente os materiais para a elaboración dos instrumentos sendo a maioría deles reciclados.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións segundo a temporización prevista. Documentar na presentación ou exposición unha descrición detallada dos pasos seguidos e materiais usados na construción, calibrado e posta en funcionamento dos instrumentos		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e ter certo grado de orixinalidade e creatividade na construción dos instrumentos		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Probar a funcionalidade dos instrumentos e resolver as posibles incidencias dentro do seu nivel de autonomía.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados vendo se os instrumentos funcionan con certa precisión		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Documentar na presentación ou exposición unha descrición detallada dos pasos seguidos e materiais usados na construción, calibrado e posta en funcionamento dos instrumentos		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Explicar con claridade o funcionamento de cada instrumento empregando unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Explicar con claridade o funcionamento de cada instrumento potenciando as emocións positivas na exposición e controlando de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Explicar con claridade o funcionamento de cada instrumento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Fabricando meteoros	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do tema tratado en cada sesión	TI	100
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar e analizar a información dos vídeos e experimentos no diario de traballo		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza a temporización indicada para a execución do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Analizar e resolver as posibles incidencias segundo as súas capacidades		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as accións previstas segundo a temporización		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar as fichas facilitadas para a elaboración do diario de traballo		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o aprendido a través do diario de traballo		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar cun mínimo rigor o proxecto realizado.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar satisfactoriamente a linguaxe escrita para encher o diario de traballo.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> </ul>

## Contidos

- Planificación: secuenciación e temporización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo este proxecto competencial que ten a finalidade de introducir aos alumnos na meteoroloxía a través da constución de instrumentos meteorolóxicos caseiros e o estudo de diferentes meteoros a través da experimentación.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado, de ser posible, en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. Normalmente o traballo do alumnado realizarase na aula (para, entre outros, construír, calibrar, probar os instrumentos, completar as fichas do diario de traballo) e tamén na casa e ou fora da aula (para, entre outros, preparar as presentacións, o diario de traballo, recollida de materiais necesarios para a construción dos instrumentos).

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN E SEGUNDA AVALIACIÓN realizarase unha breve introdución sobre a meteoroloxía e estudaránse os instrumentos básicos que se usan en meteoroloxía para a toma de datos a través da construción, con materiais reciclados deses instrumentos nunha versión caseira dos mesmos, calibrado e posta en funcionamento. Tamén os alumnos presentarán os resultados dos seus traballos por medio de exposicións.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado aprenderá sobre meteoros, concretamente: nubes, néboas, chuvia, troncos, raios e tronados a través do visionado de varios vídeos e experimentos dos que logo deberán extraer información e recollela nunhas fichas que conformarán un diario de traballo avaliable a fin do trimestre.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Xeoloxía (formación de meteoros)
- Xeografía e Historia (evolución dos instrumentos ao longo da historia)
- Matemáticas (toma, medición e recollida de datos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de apoio facilitado polo profesor/a.
Caderno do alumno/a
Fichas para completar
Materiais de escritura e manipulativos coma específicos para a realización das actividades propostas
Aula de informática e laboratorio
Aula virtual do centro e, de ser o caso, plataforma de videoconferencia



ABALAR
Materiais para a construción dos instrumentos e realización dos experimentos
Ferramentas necesarias para a construción e realización dos experimentos

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Ademáis, de ser o caso, poderase usar a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que utilizarán tamén aplicacións web. Poderíase usar un laboratorio para a realización dalgúns experimentos nos que se precise o material do que dito laboratorio dispón.

Usaranse as ferramentas das que dispón a aula virtual do centro para a achega, se fose necesario, de material complementario.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lavarase a cabo ao comezo do curso. Ten fundamentalmente dous obxectivos: por unha parte, coñecer que alumnado presenta dificultades na realización das actividades da materia e así propoñer as medidas necesarias; por outra parte, coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar nesta materia e as diferentes capacidades do alumnado.

Esta avaliación inicial poderá desenvolverse de diversas maneiras: a través de preguntas non necesariamente escritas, a partir da observación, a través dunha tarefa deselvolta na aula.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

Nesta programación xa se especificaron os criterios de avaliación, pesos orientativos e contidos mínimos. Se por fata de tempo ou calquera outra causa, non se puideran dar tódolos contidos, a ponderación establecida podería sufrir unha modificación que se verá reflectida ao final de curso na correspondente memoria do departamento.

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: construción, calibrado, posta en funcionamento dos instrumentos meteorolóxicos pedidos, documentación, presentación e exposición.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: construción, calibrado, posta en funcionamento dos instrumentos meteorolóxicos pedidos, documentación, presentación e exposición.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: presentación do diario de traballo.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse táboas de indicadores ou rúbricas asociadas aos anteriores procedementos a excepción dos casos que se especifican nos criterios de recuperación. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....tendo en conta o

seguinte:

- PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Construcción dos Instrumentos meteorolóxicos: un máximo de 4 puntos
- Calibrado: un máximo de 1 punto
- Posta en Funcionamiento e Documentación: un máximo de 2 puntos
- Presentación e exposición: un máximo de 3 puntos

-TERCEIRA AVALIACIÓN:

· Recollida das 10 sesións das que se compón o “DIARIO DE TRABALLO”. Cada sesión se avalía cunha puntuación máxima de 1 punto.

En canto ao cálculo da nota de cada avaliación farase tendo en conta as consideracións e rúbricas seguintes:

- PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN:

Nota inicial: 10, iranse restando puntos (matemáticamente sería sumar o negativo que se especifica) segundo os seguintes criterios:

1. Construcción dos Instrumentos (4 puntos en total)
  - Selección de materiais (2 puntos): Avaliar a capacidade do estudante para seleccionar materiais axeitados, reciclados e fácilmente accesibles.
    - - 0 punto: Selección óptima, reciclaxe de materiais e traelos os días necesarios
    - - 0.5 puntos: Selección adecuada con algún material non reciclado e se lle olvidou o material 1 día.
    - - 1 punto: Selección adecuada con algún material non reciclado e se le olvidou o material 2 días
    - - 1,5 puntos: Selección inadecuada ou uso excesivo de materiais non reciclados, se lle olvidaron os materiais 3 días.
    - - 2 puntos: Selección inadecuada, materiais non reciclados ou se le olvidou o material máis de 3 días.
  - Creatividade na construción (1 punto): Avaliar a orixinalidade e creatividade na construción dos instrumentos.
    - - 0 puntos: Demuestra creatividade e innovación no deseño, cores, adornos, modificación do deseño básico.
    - - 0.5 puntos: Deseño funcional pero sen elementos creativos destacados.
    - - 1 puntos: Falta de creatividade o construción moi básica.
  - Funcionalidade dos instrumentos (1 punto): Avaliar si os instrumentos construídos funcionan correctamente.
    - - 0 puntos: Todos os instrumentos funcionan correctamente.
    - - 0,5 punto: un instrumento non funciona
    - - 1 puntos: dous ou ningún dos instrumentos funciona correctamente.
2. Calibrado (1 punto en total)
  - Calibrado dos instrumentos (1 punto): Avaliar a precisión coa que se calibraron os instrumentos.
    - - 0 puntos: Calibrado correcto yepreciso de todos os instrumentos.
    - - 0.5 puntos: Calibrado parcial ou impreciso de un instrumento.
    - -1 punto: Falta de calibrado o calibrado incorrecto dos instrumentos.
3. Posta en Funcionamiento e Documentación (2 puntos en total)
  - Posta en funcionamento (1 punto): Avaliar a capacidade do estudante para poñer en funcionamento correctamente os instrumentos.
    - - 0 puntos: Todos os instrumentos se poñen en funcionamento sen problemas.
    - - 0.5 puntos: Alguns instrumentos tieñen problemas menores ao funcionar.
    - - 1 punto: Os instrumentos non funcionan ou presentan problemas significativos.
  - Documentación do proceso (1 punto): Avaliar a claridade e detalle na documentación do proceso de construción e calibrado. O que hai escrito debe incluír unha descripción detallada dos pasos seguidos, materiais utilizados e calquer dificultade enfrentada. Avaliarase a claridade, organización e exhaustividade.
    - - 0 puntos: Documentación clara, detallada e bien organizada.
    - - 0.5 puntos: Documentación axeitada, pero con falta de detalle nalgunhas áreas.
    - -1 punto: Documentación pobre, incompleta ou desorganizada.

#### 4. Presentación e exposición (3 puntos en total)

- Claridade da explicación (2 puntos): Avaliar a claridade coa que o estudante explica o proceso de construción, calibrado, funcionamento... de cada instrumento. Como o presenta, o soporte, presentación, tríptico....

- - 0 punto: Explicación clara e comprensible para todos ls instrumentos.
- -1 punto: Explicación comprensible, pero con algunhas áreas pouco claras.
- -2 puntos: Explicación confusa ou incompleta.

- Comprensión do funcionamento (1 punto): Evaluar el entendimiento que demuestra el estudiante sobre como e por que funcionan los instrumentos.

- - 0 puntos: O estudante demostra una comprensión completa e profunda do funcionamento dos instrumentos.

- - 0.5 puntos: O estudante mostra unha comprensión básica pero non completa.

- - 1 punto: O estudante non demostra unha comprensión axeitada do funcionamento dos instrumentos.

- TERCEIRA AVALIACIÓN:

Nota inicial: 10, iranse restando puntos segundo os seguintes criterios:

Cada día avalíase sobre 1 punto como máximo ( 10 días =10 puntos)

Avaliación diaria: pártese dun punto, ao que se lle restará puntuación (matemáticamente sería sumar o negativo que se especifica)

- o - 1 non entrega o diario estando presente na aula
- o - 1 entrega od diario roto o sucio, con tachons, dobrado...en branco, non lexible
- o - 0,25 entrega o diario sen cubrir algun dos ítems da primeira táboa
- o - 0,5 entrega o diario sen cubrir o punto 1 ou sen cubrir o punto 2
- o - 0,25 entrega o diario sen cubrir o punto 3

CASOS PARTICULARES NESTA TERCERA AVALIACIÓN: Se algún alumno/a falta ese día por causas xustificadas, calcularáselle a nota porcentuando os días que estivo na aula.

Considerarase que a avaliación parcial está aprobada cando a nota, calculada segundo as rúbricas anteriormente presentadas sexa maior que 5 sobre 10 (\*).

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira). Considérase que a materia está a probada cando a antedia nota sexa maior que 5 sobre 10 (\*).

(\*) **OBSERVACIÓN:**

Tal e como indica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro , polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no Título II. Artigo 31 Actas de avaliación:

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Para calcular este número natural usarase o redondeo ás unidades tanto para as avaliacións parciais coma para a avaliación final.

**CASOS PARTICULARES CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Cando un alumno falte de xeito xustifico a unha proba de avaliación, o profesor da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de

aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ó ritmo normal da clase. Noutras palabras, o profesor decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación do alumno: pódese avaliar ó alumno cunha proba semellante á que realizaron os seus compañeiros; pódese arbitrar un procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou ben pódese considerar máis axeitada unificar o contido da proba realizada co de outro instrumento de avaliación previsto para máis adiante.

Cando un alumno falte de xeito inxustificadamente a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos contidos avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na programación.

No caso de que un alumno falte durante unha temporada longa e perda varias probas de avaliación, o titor encargarse de coordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ó centro ou por unha ausencia longa), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor da materia aplicará o procedemento de avaliación extraordinario\* que teña determinado na programación didáctica para estes casos, co fin de que o alumno poida demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

\*Este procedemento de avaliación extraordinario, dependendo da data de incorporación, consiste en:

Se o alumno se incorpora xa començada a primeira avaliación, avaliaráselle dos contidos dados a partir da súa incorporación, axustando as porcentaxes, de ser o caso, nesa avaliación.

Se o alumno se incorpora xa començada a segunda ou terceira avaliación, teráselle en conta as notas que constan no seu expediente das avaliacións pasadas para o cálculo da nota final de curso pero para a nota da avaliación na que se incorpora, avaliaráselle dos contidos dados a partir da data da súa incorporación, axustando as porcentaxes, de ser o caso, nesa avaliación.

#### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, non se lle aplicará a rúbrica e terá que realizar unha proba escrita para tratar de aprobar a materia, a cal constará de distintas preguntas curtas sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente. Considerarase que a avaliación parcial está aprobada cando a nota, calculada segundo as rúbricas anteriormente presentadas sexa igual ou maior que 5 sobre 10.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas ou máis avaliacións suspensas ou a nota ordinaria de xuño sexa suspensa deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas curtas sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación extraordinaria. Considerarase que a avaliación extraordinaria está aprobada cando a nota da proba sexa igual ou maior que 5 sobre 10.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación pública do proxecto	Dependendo da dispoñibilidade de medios na localidade, buscarase un espazo onde expoñer as conclusións dos proxectos	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

## **9. Outros apartados**